

## Bolsas de Verán CiTIUS 2019

martes, 2 abril, 2019 - 12:54

*O CiTIUS lanza por quinto ano consecutivo unha nova convocatoria de bolsas de verán, dirixida a estudantes de graos relacionados coas Tecnoloxías da Información.*



O CiTIUS convoca a quinta edición do seu programa de bolsas de verán, ofrecendo 12 axudas dirixidas a estudantes de grao que desexen ter a súa primeira experiencia investigadora no campo das Tecnoloxías da Información (TI). As bolsas teñen como obxectivo o financiamento de estadias de investigación no CiTIUS durante o próximo mes de xullo.

Durante a estadia, os beneficiarios desenvolverán un proxecto de investigación dirixido por un dos investigadores adscritos ao centro, encadrado nas liñas dos **Programas Científicos do CiTIUS**. O obxectivo é que os estudantes teñan un primeiro contacto coa investigación en áreas como o Big Data, a Visión artificial, as Tecnoloxías da Linguaxe, a Computación de Altas Prestacións, a Intelixencia Artificial, a Nanotecnoloxía ou a e-Saúde. Ademais, durante o período de duración da bolsa, poderán participar na actividade formativa desenvolvida no CiTIUS, que inclúe a asistencia a cursos, conferencias de investigadores de prestixio internacional ou presentacións das ferramentas informáticas máis actuais no campo das TI.

As bolsas están dotadas con 750 € brutos máis unha axuda para alumnos/as non residentes en Santiago de Compostela destinada ao financiamento dos gastos de transporte, cun importe máximo de 200 € para estudantes de fóra de Galicia e até 80 € para estudantes residentes noutros concellos de Galicia.

### REQUISITOS

Os/as candidatos/as deberán superar o 55% dos créditos dos seus estudos de grao en Informática, Telecomunicación, Matemáticas, Física ou disciplinas afíns, cunha nota media igual ou superior a 8,0.

### SOLICITUDES

Os/as interesados/as deberán remitir a documentación requirida a través da Sede Electrónica da Universidade de Santiago de Compostela, usando o formulario de solicitude dispoñible neste enderezo [<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/InvestigacionBolsasVeran.htm>] dirixida ao Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D, antes do martes 30 de abril ás 23:59 h (CEST). Xunto ao formulario de solicitude deberá anexarse a seguinte documentación:

- Copia da certificación académica do grao ou título equivalente no que consten as cualificacións obtidas e con expresión da nota media en base 10. No suposto de realizar estudos no estranxeiro nun idioma diferente ao inglés, a certificación deberá presentarse coa tradución oficial ao español ou galego.
- Copia do xustificante de matrícula correspondente ao curso 2018/2019 ou documento acreditativo expedido pola universidade correspondente.
- Currículo vitae da persoa solicitante.
- Carta de motivación coa expresión do interese na obtención da bolsa.

### AVALIACIÓN

A ordenación das solicitudes farase de acordo cos seguintes criterios, sobre unha puntuación máxima de 10 puntos:


- Expediente académico da persoa solicitante, que suporán o 70% da valoración obtida.
- Currículo vitae presentando, no que se terán en conta as publicacións, premios e a formación relacionada co obxecto das

bolsas, entre outros aspectos. Este apartado suporá o 20% da valoración obtida.

- Expresión de interese das persoas aspirantes formulada na carta de presentación, que suporá o 10% da valoración obtida.

Máis información nas [bases reguladoras](#) ou enviando un correo a [citius.kmt@usc.es](mailto:citius.kmt@usc.es) indicando no asunto [SUMMER FELLOWSHIPS].

Financiado por:



**XUNTA  
DE GALICIA**

